



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DO USO DAS NOVAS TECNOLOGÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO ANO 2017

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A secretaria xeral de Medios, Mar Sánchez Sierra, **DECLARA:**

- Que a Secretaría Xeral de Medios ten previsto formalizar con **Editorial La Capital**, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de marzo de 2017 ata o 15 de decembro de 2017.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Colaborar na promoción do uso das novas tecnoloxías e a difusión da información na internet entre o alumnado dos cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos mediante as actuacións que se establecen no propio texto do convenio.

A tipoloxía das actividades que se levan a cabo serán de carácter extra curricular e favorecerán a aprendizaxe na utilización das TIC, a navegación e a busca de información na rede, con contidos en galego e/ou castelán, para o que usará preferente o xornal dixital [www.elidealgallego.com](http://www.elidealgallego.com)

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.
- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Este convenio pretende contribuír ao desenvolvemento dun programa educativo encamiñado a potenciar e promover a utilización das novas Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC) como un instrumento de formación complementaria do alumnado, a partir de iniciativas que permitan a súa utilización como ferramenta de obtención de coñecemento.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alíeo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017

